

# Narrativa

## A carne da serea

Marilar ALEIXANDRE

— Ah, non, de ningunha forma —dixo a muller, e bebeu unha fecha do seu ron—. A historia non é así nin moito menos.

Abaneou a cabeza e os seus longos cabelos cambiaron de forma como se fosen líquidos. Tiña os ollos da cor azul escura que se encontra ás veces neses portos do Norte e que ao home lle parecía tan exótica. El chegara nun barco, pero non era mariñeiro, senón biólogo, embarcado nunha expedición para certificar a lenta agonía dos peixes a mans dos homes.

— Daquela, como é a historia? —preguntou el.

— Sexo —dixo ela—. El tiña medo do sexo.

— Quen? O príncipe?

— Que príncipe? Non había príncipe ningún. Todos os fillos varóns do rei Frederick morreran de nenos...

— Ah —asentiu el.

Non comprendía nada, pero a muller fascináralo desde que a oíra cantar un blues aquela noite. Levaban falando desde que acabou de cantar, ela aínda sentada na banquetta do piano, el de pé, aspirando o arrecendo que chegaba cando movía o cabelo, mesturado co fume do bar, un arrecendo que non se parecía ao doutras mulleres.

— Mira, por exemplo, como describe a serea a primeira vez: «os seus ollos eran azuis como as profundidades do mar pero, como as demais, non tiña pés, pois o seu corpo acababa nunha cola de peixe».

— ...

— Non che parece unha grosería?

El estaba pensando que o azul das profundidades do mar era, precisamente, o dos ollos da muller.

— A mín parécese unha descripción adecuada da serea... Pero non creo que soubese como é o azul do fondo do mar. Eu baixei moitas veces. É un lugar incomparable, sabes?

— Si que o sei —e suspirou—. O que non entendo é iso de «pero non tiña pés». A que vén o «pero»? As sereas teñen unha cola fermosísima.

— Porque ela quería ter pernas, non? Deulle a súa lingua á feiticeira a cambio das dúas pernas... a pesar de que cada paso era como camiñar sobre coitelos afiados.

Ela riu, unha risa baixa e musical, como se soubese algo descoñecido para os demais.

— Quen pode crer esas andrómenas? Ti pensas que unha muller que sabe cantar vai trocar a súa voz por dúas pernas? Deixar de vivir trescentos anos? Que eu quedaría sen voz por ter dous pés?

— Non —dixo el sinceramente—. Non podo imaxinar sen a túa voz. Tes unha voz marabillosa. Cando te oín cantar... Pero se ela quería facer o amor co príncipe...

— Xa che dixen que non había príncipe en Copenhague neses anos. E a serea non necesitaba ter a cola partida para facer o amor co príncipe...

— Pois non sei como...

— Crín que me dixeras que es biólogo. Biólogo mariño..., e non sabes que os peixes teñen sexo? O das sereas é moi estreito e os homes que tiveron trato con elas contan que acadan un pracer case insoportable.

Baixou a voz ata convertela nun susurro. Os seus labios estaban húmidos e el imaxinou que debían ser amargos como o sal.

— Hans, despois da primeira vez, asustouse ao ver tanto sangue tinxindo a auga. Por iso escribiu aquilo da lingua cortada e os coitelos... pero o único que rachou... xa sabes o que racha a primeira vez.

El alongou a man, e púxoala sobre a dela, que queimaba como queima o xeo.

— Non haberá un sitio sen tanto ruído onde poidamos falar?

— O meu cuarto —dixo ela—. Pero terás que levarme nos brazos. Eu non podo camiñar. Acenou cara abaixo. No extremo da longa saia de seda albiscouse por un intre un reflexo prateado.